O grupo foi recibido polo director xeral de Sogama, Isidro García Téllez, e, a continuación, realizou un percorrido guiado polas distintas instalacións que conforman o complexo, tendo igualmente o privilexio de ver a nova planta de clasificación de materiais contidos na bolsa negra, que forma parte do proceso de ampliación da empresa. ●



Javier Domínguez nunha visita á aula de reciclaxe de As Pontes de García Rodríguez.

## Sogama presenta en As Pontes o seu plan de acción no eido da economía circular

Representantes da entidade pública participaron no curso de verán da UIMP para indagar nos novos retos de futuro do medio ambiente galego

Representantes de Sogama participaron na mesa redonda coa que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) clausurou, o pasado 31 de xullo, o curso de verán "O medio ambiente en Galicia: novos retos de futuro" celebrado en As Pontes de García Rodríguez. Moderada polo profesor doutor Francisco Peña Castiñeira, fundador do Programa Galego de Municipios

Saudables e Sostibles 2000-2020, a mesa centrouse na xestión sostible dos residuos en Galicia e a súa concepción como recursos, e contou coa participación de Felipe Macías, catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela; Verónica Tellado, subdirectora xeral de Residuos da Xunta de Galicia; Priscila Artiga, técnica de Augas Residuais de Espiña&Delfín;

e Sergio Horacio Quiroga, director de I+D e Produción da firma de abonos ecolóxicos Ecocelta.

Tras ofrecer unhas pinceladas sobre a actividade desenvolvida por Sogama nos últimos tres anos, nos que bateu máximos históricos de produción e eficiencia, a empresa pública fíxose eco do seu proxecto estrela: a ampliación do seu complexo industrial cercedense. ●



## Actualidade

### Cuntis súmase ao programa de compostaxe doméstica, que se amplía en Carballo, Aranga, Ourense, Rodeiro e O Grove

O Concello de As Pontes de García Rodríguez conclúe a terceira visita ás vivendas adscritas ao seu programa **#CompostDaCasa**



Curso de formación en As Pontes.

O concello pontevedrés de Cuntis solicitou a súa incorporación ao programa de compostaxe doméstica de Sogama, que remitiu ao ente local 25 composteiros domésticos para que poideran ser distribuídos entre outras tantas vivendas unifamiliares que contén con terreo (xardín, horta ou terra de cultivo) no que aplicar o compost resultante. Os recipientes entregados teñen capacidade para 350 litros e están fabricados con materiais reciclados e reciclables.

Os veciños participantes no programa, que ten por obxecto facilitar o proceso de elaboración de abono natural a partir da materia orgánica xerada nos fogares, teñen á súa disposición

unha páxina web específica ([www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal)), a través da cal poden acceder a información diversa e recursos tales como vídeos e xogos.

#### Ampliación en Ourense, Carballo, Aranga, Rodeiro e O Grove

Os concellos de Ourense, Carballo, Aranga, Rodeiro e O Grove, pola súa banda, veñen de ampliar o seu programa de compostaxe doméstica cunha nova partida de 60 composteiros na Agrupación Veciñal Miño (Ourense) e de 25 en cada un do resto de municipios. Deste xeito, a cidade das Burgas conta con 300 composteiros aportados por Sogama para responder ás demandas da veciñanza, Carballo

dispón dun total de 125, Aranga suma 135 e os municipios pontevedreses de Rodeiro e O Grove, teñen 80 e 70, respectivamente.

#### Seguimento en As Pontes

Consciente da importancia crucial que ten o seguimento dos proxectos ao longo do tempo para avaliar o seu impacto e acollida, o Concello de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) prosegue coas súas tarefas de control do programa **#CompostDaCasa**, ao que están adscritas máis de medio centenar de vivendas. Mentres 25 participan nunha experiencia de vermicompostaxe, outras tantas, ademais dalgún colectivo social, fanno na de compostaxe doméstica. ●

### A Deputación de Ourense reparte un total de 1.125 compostadores no marco da nova edición da campaña de compostaxe doméstica

O convenio subscrito con Sogama oríentase aos municipios ourensáns con poboación inferior aos 20.000 habitantes



Residuos orgánicos nun composteiro.

No marco do convenio subscrito no seu momento polo presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar, e o presidente de Sogama, Javier Domínguez, a institución provincial, co apoio da empresa pública, lanzou unha nova edición da campaña de compostaxe doméstica, que nesta ocasión está orientada aos municipios ourensáns con poboación inferior aos 20.000 habitantes. O ente supramunicipal comezou o pasado mes de agosto co reparto de 1.125 composteiros entre a veciñanza interesada.

Condicións indispensables para participar nesta iniciativa, cuxo prazo de inscrición rematou o pasado 30 de xullo, eran que os interesados tiveran a súa primeira residencia nalgunha das localidades contempladas na promoción, non ter participado en campañas anteriores desta tipoloxía promovidas polo ente provincial, contar con 50 metros cadrados de terreo (horta ou xardín) no que aplicar o compost resultante, e comprometerse a estar presente na vivenda durante as dúas visitas previstas.

#### Colaboración afianzada

Non é a primeira vez que Sogama e a Deputación levan a cabo un traballo conxunto destas características. O primeiro acordo materializouse no ano 2013 e, a partir de entón, a colaboración foise enriquecendo e afianzando ao longo do tempo, levándose a cabo nesta ocasión baixo o paraguas da economía circular, toda vez que se prima o máximo aproveitamento dos produtos, a redución de residuos e a conversión destes en recursos. ●

[Volver á portada](#)

## Actualidade

# Mr. Iglú e a familia Trebón, protagonistas dos novos contedores de vidro anexos ás oficinas de Sogama

Trátase dun xesto que evidencia o traballo conxunto con **Ecovidrio** en aras do obxectivo común: incrementar as taxas de reciclado en Galicia

A boa sintonía entre **Mr. Iglú** e a familia **Trebón** quedou inmortalizada nos contedores verdes que Ecovidrio entregou o pasado mes de xuño a Sogama e que dan servizo ás súas oficinas de Cerceda. A través de dúas serigrafías que, cun guiño cara aos máis pequenos, pretenden promover a colaboración destes na recollida selectiva dos envases de vidro, o presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o delegado de Ecovidrio en Galicia, Germán Fernández, amosaron a estreita colaboración entre ambas entidades



O presidente de Sogama, Javier Domínguez, e o delegado de Ecovidrio en Galicia, Germán Fernández, xunto aos contedores.

cun xesto de proximidade e afecto, que se traduce nun traballo conxunto orientado a incrementar as taxas de reciclado en Galicia.

Os contedores atópanse habilitados nun espazo anexo á

aula medioambiental de Sogama e onde os pequenos que visitan o complexo industrial da entidade pública son formados nas boas prácticas vinculadas aos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe). ●

# Os membros do Consello de Administración de Sogama visitan a obra de ampliación do complexo medioambiental

O proxecto, que culminará a finais do 2019, convertirá á empresa de Cerceda nunha das infraestruturas industriais do sector máis grandes e eficientes a nivel europeo e mundial



Membros do Consello de Administración de Sogama durante a visita.

Os membros do Consello de Administración de Sogama visitaron a obra de ampliación do complexo industrial, iniciada en outubro de 2017 no marco dunha visita oficial realizada pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato.

Acompañados polo seu presidente, Javier Domínguez Lino, e polo director xeral, Isidro García Téllez,

coincidiron en manifestar a súa satisfacción polo desenvolvemento dun proxecto modélico que culminará a finais do 2019, converténdose entón Sogama nunha das infraestruturas industriais do sector máis grandes e eficientes de Europa e do mundo, mantendo o seu liderado en España.

Malia as inclemencias meteorolóxicas dos meses previos ao verán, o plan de acción

deseñado por Valtalia, firma galega adxudicataria deste contrato, que suporá un desembolso de 29 millóns de euros, foi cumprido en todos os seus termos. A previsión é que, a finais deste mesmo ano, a instalación se atope xa a pleno rendemento, permitindo incrementar a súa capacidade nun 81%, pasando das 550.000 toneladas anuais nominais a 1 millón. ●

[Volver á portada](#)

14



## Actualidade

# Máis de 25.600 escolares participaron nas últimas edicións do programa "Recíclate con Sogama"

A entidade pública proporciona á comunidade educativa os medios materiais e didácticos necesarios para instalar a cultura da reciclaxe nas aulas

O programa educativo "Recíclate con Sogama", canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, abordará a súa sétima edición co obxectivo de seguir promovendo a recollida selectiva de residuos nos centros escolares e que os hábitos de reciclaxe adoitados nos mesmos sexan extrapolados á contorna familiar. Nos últimos anos, máis de 25.600 escolares de distintos centros galegos, maioritariamente de educación primaria, participaron neste programa recibindo formación específica na xestión sostible dos residuos urbanos.

Para axudar a que a cultura da reciclaxe se instale nas aulas, a entidade



pública proporciona á comunidade educativa os medios materiais e didácticos necesarios. De xeito paralelo, técnicos ao servizo de Sogama

imparten charlas nos centros adscritos ao programa e levan a cabo visitas de seguimento para avaliar as actividades e correxir posibles incidencias. ●

## Volta reciclada ao cole: menos gasto e máis protección ambiental

Diferentes entidades recollen unha serie de consellos para diminuír o impacto económico do inicio de curso, que a OCU sitúa nunha media de 500 euros por escolar

Segundo a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU), o impacto económico inicial medio por alumno ao comezo do curso académico é duns 500 euros. A volta ao cole chega este mes de setembro e, con ela, os grandes gastos en libros de texto, uniformes, material escolar e transporte, entre outros.

Diversas entidades proporcionan unha serie de consellos para que o regreso á rutina sexa máis levado e, sobre todo, que resulte máis sostible desde a dimensión ambiental, económica e social. Aquí van algúns:

### Consellos para que o regreso á rutina sexa máis levado e sostible:

- \_Facer unha lista do verdaderamente necesario.
- \_Aproveitar o uniforme doutros compañeiros, facer uso de descontos ou recorrer a puntos de troco.
- \_Revisar se o material escolar do período anterior é aproveitable.
- \_Retirar as follas limpas de libretas usadas e confeccionar novos cadernos.
- \_Forrar cartafóis para reutilizalos.
- \_Fabricar estoxos, carteiras e mochilas de xeito artesanal.
- \_Adquirir libros de texto no mercado de segunda man ou aproveitar os de outros compañeiros.
- \_Empregar envoltorios ecolóxicos, bolsas de papel ou fiambreiras para a merenda e o tentempié de media mañá.
- \_O transporte público é a mellor opción para ir á escola. Se non resulta posible, unha boa alternativa é compartir coche con outras familias.

# Multimedia



## Volta á escola

Logo dunhas intensas vacacións cheas de xogos e diversión, os nosos amigos e amigas regresan á escola. Vito, Lilia e Lucas estarán na mesma aula xuntos durante este curso, que será especial porque o colexio vai ser un centro verde coa regra máxica dos tres erres: reducir, reutilizar e reciclar. ●

[Mira aquí o primeiro día de volta ao colexio](#)

## “Comprometidos coa innovación ambiental en Galicia”, perfil de Sogama en LinkedIn



Trala súa experiencia en Facebook e Twitter, redes nas que, baixo o título “Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama”, esta empresa pública conta con 6.700 seguidores, a Sociedade Galega do Medio Ambiente decidiu adentrarse en LinkedIn, iniciando así unha nova aventura na que espera establecer e afianzar contactos con profesionais e empresas do sector ambiental no seu conxunto ligados a

ámbitos tales como a sostibilidade, a economía circular, o cambio climático, as enerxías renovables, o solo, a auga e todos os elementos que, directa ou indirectamente, estean vinculados á contorna natural e ás enerxías renovables. ●

[Accede aquí ao perfil de Sogama en LinkedIn](#)




## Multimedia

### Os Bolechas explican aos escolares a actividade industrial do complexo medioambiental de Cerceda

Baixo o título “Que se fai co lixo que chega a Sogama”, os integrantes da familia de Os Bolechas (Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e o can Chispa) percorren as instalacións que conforman o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda para explicar aos escolares galegos o tratamento que recibe o lixo producido en 294 concellos ou, o que é o mesmo, o xerado por máis de 2 millóns de habitantes.

O libro, promovido por Sogama e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, faise eco da firme aposta que fixo a empresa polo tren como medio de transporte preferente dado o seu maior respecto co medio ambiente e as menores molestias cidadás ocasionadas. ●



[Descubre a publicación completa](#)

### A nova planta de recuperación de materiais de Sogama, exemplo de economía circular no IV Foro ABANCA Responsable



Baixo o título “Economía circular: retos, oportunidades e inspiracións”, o pasado 25 de maio celebrouse no Pazo de Iñás (Oleiros, A Coruña) o IV Foro ABANCA Responsable, ao que asistiron, en calidade de invitadas, distintas empresas cuxa actividade se desenvolve no ámbito medioambiental e da sustentabilidade, como é o caso de Sogama, que estivo representada polo seu director xeral, Isidro García Téllez

Durante o encontro, o directivo da empresa pública explicou o plan de acción relativo á ampliación do complexo industrial de Cerceda, que permitirá á Sociedade incrementar a súa capacidade de tratamento ata 1 millón de toneladas anuais, ademais de cuadruplicar as súas taxas de reciclado e chegar ao vertido técnico cero. ●

[Vídeo resumo do IV Foro Abanca Responsable](#)

[Volver á portada](#)

17

## Eventos

### O 90% dos españois móstrase contrario a tirar lixo na contorna natural



Así o manifestan as máis de 5.000 enquisas realizadas por toda España no marco dun estudo sociolóxico centrado nas "Actitudes fronte á basuraleza" e elaborado polo [proyecto Libera](#), que promoven [SEO/BirdLife](#) e [Ecoembes](#). O traballo pretendía analizar o comportamento da poboación en relación aos refugallo xerados cando se atopa en

lugares públicos e os seus hábitos de reciclaxe.

O 84% dos participantes na enquisa considera que, se ben a basuraleza é responsabilidade de todos, a título individual distánciáanse do problema. Non obstante, o 20% recoñece arroxar lixo no monte, o 17% na praia e menos do 10% en ríos, embalses, pantanos e no mar. De todos eles, preto dun 25%

di que a súa conduta estivo influenciada polo feito de que a zona xa non estaba limpa e un 16% xustifica o seu acto na ignorancia e o descoñecemento.

Pese a todo, o 70% dos enquisados asegura estar concienciado co coidado do medio ambiente e participar no sistema de recollida selectiva, depositando cada tipoloxía de residuo no contedor correspondente. ●

### Preto de 4,5 billóns de cabichas son arroxadas anualmente na contorna natural



Un informe elaborado no marco do [proyecto Libera](#) estima que, dos 6 billóns de cigarros que se venden ao ano en todo o mundo, 4,5 billóns de cabichas rematan na contorna natural, constituíndo un dos residuos que máis proliferan nos ecosistemas, conformando unha grave ameaza para mares e océanos.

Diversos estudos conclúen que o efecto contaminante das cabichas pode durar entre 7 e 12 anos e, incluso,

algúns expertos sinalan que poden chegar ata os 25 anos. Debido á toxicidade dos seus compoñentes, ameazan a calidade da auga e provocan alteracións no ciclo biolóxico dalgunhas especies mariñas. Neste sentido, cada cabicha pode chegar a contaminar entre 8 e 10 litros de auga, unha cantidade que se incrementa ata os 50 litros cando se trata de auga doce. ●



## Eventos

### As lentes de contacto poden causar problemas de contaminación cando se arroxan polo desaugadoiro

Científicos da [Universidade Estatal de Arizona](#) abordaron o primeiro estudo nacional no que se corrobora que a incorrecta eliminación das lentes de contacto pode estar contribuíndo a contaminar o planeta. Segundo as análises realizadas, entre o 15 e o 20% dos estadounidenses que empregan este tipo de lentes arroxan polo lavabo ou o inodoro unha vez concluída a súa vida útil.

A través do desaugadoiro, chegan ás plantas de tratamento de augas residuais, onde se fragmentan en microplásticos que acaban acumulados nos lodos, puidendo chegar aos ecosistemas terrestres e acuáticos e, de aí, á cadea alimentaria.

O equipo de investigación de Arizona pretende, a través deste estudo, chamar a atención da industria para que os fabricantes destes produtos



inclúan nos seus envases información sobre o xeito idóneo de desfacerse das lentes de contacto tralo seu uso: depositalas no contedor do lixo convencional. ●

### Esgotado o orzamento de recursos naturais para todo 2018

A humanidade usa 1,7 veces máis rápido a natureza do que os ecosistemas poden rexenerarse, o que resulta similar a usar 1,7 planetas Terra. Así o sostén Global Footprint Network, organización internacional de investigación pioneira na medición contable de recursos da pegada ecolóxica.

O custo desta sobreexplotación de recursos faise cada vez máis evidente en forma de deforestación, escaseza de auga doce, erosión do solo, perda de biodiversidade e acumulación de dióxido de carbono na atmosfera. Unha tendencia que, a xuízo de [Global Footprint Network](#), podería revertirse de conseguir retroceder o "Día do Alivio da Terra" -data na que a demanda anual de recursos excede o que os ecosistemas terrestres poden rexenerar durante o ano en curso- 5 días ao ano, o que propiciaría que, para 2050, volvésemos aos recursos de menos dun planeta.



#### #MoveTheDate

Coa campaña [#MoveTheDate](#), esta entidade pretende animar á poboación mundial a adoptar xestos que permitan minimizar a súa pegada ecolóxica. ●

[🔗](#) **Máis información aquí**

## Eventos

### Fin ás bolsas plásticas gratuítas

Desde o pasado 1 de xullo, e tal e como se establece no Real Decreto aprobado en Consello de Ministros con data 18 de maio do ano en curso, os comercios están obrigados a cobrar todas as bolsas plásticas, a excepción das moi lixeiras en calidade de envases primarios destinados a acoller alimentos a granel, así como as grosas que teñan unha porcentaxe de plástico reciclado igual ou superior ao 70%. Unha medida que, en todo caso, constitúe un paso previo á prohibición das bolsas plásticas lixeiras e moi lixeiras, exceptuando as compostables, que entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2021.

A meirande parte das bolsas plásticas só se usan unha vez durante unha media de 12-15 minutos e tardan entre 100 e 500 anos en degradarse por completo, supoñendo unha seria ameaza para a contorna. Con este plan de acción, en clara sintonía coa [Estratexia Europea de Plásticos](#), preténdese facer fronte ao abandono destes materiais no medio ambiente, evitar o consumo de plásticos dun só uso e aumentar as taxas da súa reutilización e reciclado. ●



### Un satélite para limpar lixo espacial

A empresa [Surrey Satellite Technology Limited](#), integrada no consorcio Airbus, en colaboración coa Universidade de Surrey (Reino Unido), Ariane Group (Francia), Innovative Solutions in Space (Países Baixos), CSEM (Suiza), Inria (Francia) e a Universidade de Stellenbosch (Sudáfrica) desenvolveu e puxo en órbita o satélite RemoveDebris, co obxectivo de probar catro técnicas que esperan poder aplicar no futuro á recollida e limpeza de residuos orbitais. O proxecto contou con financiamento da Comisión Europea e constitúe o primeiro proxecto europeo deste tipo.

O satélite, que foi lanzado desde a Estación Espacial Internacional, levará a cabo catro experimentos orientados á limpeza de lixo espacial. O primeiro deles consistirá na captura dun cubesat (nanosatélite) mediante o emprego dunha rede. Ambos obxectos abandonarán



naturalmente a órbita terrestre e desintegraranse ao entrar na atmosfera para, se todo vai ben, probar a continuación un sistema baseado na visión que permitirá desenvolver técnicas de encontro orbital con residuos espaciais. ●



## A reutilización, materia pendente en Europa

A reutilización constitúe aínda un ámbito pouco explorado na Unión Europea, e iso malia que a súa promoción podería reducir a demanda de material e evitar a produción de residuos, aspectos ambos os dous que resultan claves nun marco de economía circular.

O informe EEE "Prevención de residuos en Europa: políticas, estado e tendencias da reutilización en 2017" analiza as medidas coas que promover a reutilización dos produtos, que non é máis que usalos de novo para o seu propósito inicial, propiciando que conserven o seu valor. Este documento constata que 18 dos 33 programas de prevención revisados inclúen obxectivos explícitos para a reutilización de produtos, pero as medidas contempladas con maior frecuencia teñen carácter voluntario.

Ante esta realidade, as novas normas da Unión Europea sobre xestión de residuos, adoptadas o pasado 22 de maio como parte do marco de política



xeral de economía circular da UE, inclúen a obriga de supervisar as medidas de prevención de refugallo nos Estados membros e informar sobre a reutilización. ●

## Medalla de prata para os fogares españois na reciclaxe de envases plásticos

Os fogares españois reciclaron 521.600 toneladas de envases plásticos en 2017, cifra que vén a representar un 9,1% máis que en 2016. Tal e como se recolle no estudo anual elaborado por Cicoplast, cada cidadán reciclou 11,3 quilos de envases plásticos de fogar, case 1 quilo máis por habitante que o ano anterior (10,3 quilos) e 8 veces máis que no 2000, o que vén a confirmar que, por cuarto ano consecutivo, os fogares españois seguen ocupando o segundo lugar en reciclado de envases plásticos domésticos a nivel europeo.

A singularidade do modelo implantado en España a través do contedor amarelo constitúe, segundo



Cicoplast, un dos factores de éxito, toda vez que este recipiente atópase harmonizado no conxunto do país e aberto a todos os envases plásticos.

No acto de presentación oficial do estudo, que tivo lugar en Madrid o pasado 25 de xullo, a directora xeral de Cicoplast, Isabel Goyena, manifestou que a poboación española está máis sensibilizada coa reciclaxe, aumentando tamén a colaboración fóra do fogar. ●

## Eventos

## A recollida selectiva de papel e cartón creceu un 3,3% en 2017

O último número do boletín "ReciclaXe ao día" de ASPAPEL publica que a recollida selectiva municipal de papel e cartón creceu un 3,3% no ano 2017, unha porcentaxe maior nas grandes cidades, que rexistraron un incremento do 5,6% respecto de 2016.

ASPAPEL explica que a recollida de papel e cartón creceu moi por riba do consumo debido a que os concellos, trala crise, están recuperando o investimento en renovación do parque de contedores e mellora da frecuencia de recollida, coa particularidade de que o uso de embalaxes aumentou tamén co comercio online.

Así mesmo, e tomando como referencia a estratexia de China baseada na mellora da calidade das súas importacións de papel para reciclar, a Asociación española de fabricantes de pasta, papel e cartón sinala que resulta primordial traballar neste ámbito e diminuír a porcentaxe de improprios, contribuíndo desta forma á economía circular. ●



## A reciclaxe mundial de cobre permite un aforro equivalente ás emisións de 16 millóns de turismos



Cada ano recíclanse no mundo uns nove millóns de toneladas de cobre, o que permite un aforro de 40 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> ou, o que é o mesmo, as emisións de 16 millóns de turismos. Ademais, a reciclaxe deste metal, un dos condutores de calor e electricidade máis eficientes, conleva un aforro de entre o 80 e o 90% de enerxía respecto da extracción do mineral e o seu procesamento industrial.

Neste sentido, cabe destacar que aproximadamente o 50% do cobre

usado en Europa procede da reciclaxe. Unha porcentaxe moi semellante á proporción de toneladas de envases de aluminio recicladas no mercado español, que, conforme aos datos feitos públicos a través do informe anual de ARPAL, ascende ao 45,9%. En total, o pasado ano foron recicladas en España 44.081 toneladas deste material e, se se inclúen os envases de aluminio valorizados, a taxa aumenta ata o 47,9%.

## Líderes na reciclaxe de aceiro

A reciclaxe de envases de aceiro inoxidable en Europa alcanzou máximos en 2016, logrando situarse, segundo datos de APEAL, no 79,5% e, polo tanto, aproximándose xa ao 80%, obxectivo autoimposto pola industria para o ano 2020. España, cunha taxa do 88,5%, convértese en líder indiscutible do grupo. ●



Descubre os beneficios do cobre na economía circular

[Volver á portada](#)

22



## Eventos

# Recyclia promove o primeiro sistema colectivo español para a recollida de tóner e cartuchos de impresora

Con motivo do cambio normativo, en vigor desde o pasado 15 de agosto, segundo o cal os consumibles de impresión con partes eléctricas, que son a maioría dos que se comercializan, pasarán a ser concibidos como residuos electrónicos, **Recyclia** -entidade que agrupa ás fundacións Ecopilas, Ecofirmática, Ecoasimelec e Ecolum- puxo en marcha o primeiro Sistema Colectivo español para a recollida de tóner e cartuchos de impresora.

A través de Tragatóner e Tragatinta, a organización despregou máis de 4.000 puntos de recollida en distintos escenarios: grandes superficies e establecementos comerciais, grandes empresas, edificios públicos e puntos limpos, posibilitando que a poboación contribúa á reciclaxe destes materiais.

Recyclia estima que recollerá máis dun milleiro de toneladas de consumibles de impresión (é dicir, ao redor de 6,6 millóns de unidades), prevendo que os cartuchos de tinta procedentes da canle doméstica representen o 23% e os de tóner recollidos a través da canle de distribución, o 77% restante. ●



## Novo identificador do punto SIGRE nas farmacias

“Nesta farmacia, cuidamos da saúde da natureza”. Este é o lema elixido por **SIGRE** para identificar o seu punto de recollida de medicamentos e de envases dos mesmos nas farmacias e co que, ademais, se pretende enxalzar o labor dos farmacéuticos en torno á protección do medio ambiente.

Segundo datos da propia entidade, o 82% dos farmacéuticos considera que a actitude e grao de colaboración dos cidadáns respecto do reciclado de envases de medicamentos está evolucionando de forma moi positiva, e 2 de cada 3 informan, animan e asesoran con frecuencia aos seus pacientes para que utilicen o Punto SIGRE.

### 855 medidas de ecodeseño

A mediados do pasado mes de maio, SIGRE editou o “V Catálogo de Iniciativas de Ecodeseño en Envases do Sector Farmacéutico”, recollendo no mesmo unha selección das numerosas medidas que, neste ámbito, está levando a



cabo a industria farmacéutica e a través das cales se evidencia o seu esforzo, compromiso e capacidade de innovación para deseñar envases de medicamentos máis ecolóxicos e respectuosos coa contorna. ●

## Eventos

# Os Mozos Campións da Terra defenden as súas propostas no Cume Global de Acción Climática

Os tres seleccionados por ONU Medio Ambiente como Mozos Campións da Terra defenderon as súas iniciativas no Cume Global de Acción Climática, celebrado entre o 12 e o 14 de setembro en San Francisco (Estados Unidos), uníndose a 22 Precusores do Clima de todas as rexións do mundo.

A fin de exemplificar como as accións cotiás poden contribuír a alcanzar resultados positivos a nivel global, Adam Dixon, en representación de Europa, Eritai Kateibwi, en representación de Australia e Oceanía, e Liliana Jaramillo, en representación de América Central e do Sur, tiveron a oportunidade de participar nun evento no que se dan cita gobernos estatais e locais, empresas e cidadáns de todo o mundo para exhibir os esforzos orientados a mitigar e adaptarse ao cambio climático, pretendendo inspirar ao mesmo tempo compromisos nacionais máis profundos no marco do Acordo de París. ●



## Rotterdam presume de parque flotante reciclado



Ideado polo arquitecto holandés Ramon Knoester, e tras cinco anos de traballo, a cidade de Rotterdam pode presumir dun parque reciclado configurado por unha base flotante de 140 metros cadrados situada preto do porto na que, utilizando plásticos recollidos no mar, configuráronse bloques de construción hexagonais sobre os que se montou unha área verde con variedade de plantas: desde musgo ata árbores de poucos metros de altura.

O obxectivo desta iniciativa foi fundamentalmente medioambiental e social, toda vez que se centra en mellorar a vida dos residentes locais e o hábitat mariño.

O uso de materiais, o deseño e a aplicación intersectorial constitúen os tres factores que dotan a este parque dun carácter innovador, xa que nunca antes se tiña realizado un parque flotante a partir de plástico reciclado e espérase que este material se utilice cada vez máis en construcións flotantes. ●

[Consulta aquí todos os detalles sobre este singular parque](#)

[Volver á portada](#)

24




## Eventos

### “Combina e móvete”, lema da Semana Europea da Mobilidade 2018

A Semana Europea da Mobilidade, celebrada entre o 16 e o 22 de setembro baixo o título “Combina e móvete”, desenvolveu un ano máis un labor de sensibilización sobre as negativas consecuencias do uso irracional do coche na cidade, tanto a nivel ambiental como para a saúde pública, en contraposición a modos de transporte máis sostibles, coma o público, a bicicleta ou simplemente camiñar.

Na edición de 2017, o evento superou o seu propio récord coa participación de 2.526 cidades de medio centenar de países, que implantaron preto de 8.000 medidas permanentes centradas fundamentalmente na mobilidade, a accesibilidade e as instalacións para bicicletas. España, líder indiscutible da iniciativa, estivo representada por 467 cidades.

En liña con esta iniciativa, cabe lembrar que a Comisión Europea estableceu como grandes




obxectivos para 2050 a eliminación nas cidades dos automóviles con combustibles convencionais, avanzando ao mesmo tempo cara unha loxística urbana sen emisións nos principais centros urbanos para 2030. ●

## Efemérides ambientais

O Día Internacional da Solidariedade, celebrado o 31 de agosto, constitúe unha data coa que se pretende destacar un valor esencial para as relacións humanas, tanto entre os pobos como coa contorna.

O progreso só se entende a través da colaboración de todos e, neste contexto, a solidariedade xoga un papel fundamental. De aquí o seu protagonismo na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, que inclúe 17 Obxectivos cos que se procura trazar o camiño cara un xeito de organizar o mundo que garanta o futuro das próximas xeracións: máis equilibrado, máis racional, máis consecuente e máis solidario.

No marco da décimo oitava edición da Semana Europea da Mobilidade, o 22 de setembro celébrase o Día sen Coches, unha iniciativa da Comisión Europea xestada no ano 2000 baixo o lema “A cidade, sen o meu coche!” co obxectivo de promover a reflexión, tanto individual



coma colectiva, sobre o uso do automóbil privado como forma de transporte, potenciando ao mesmo tempo o emprego de medios alternativos máis sostibles. ●

# Receitario

## Un prato fresco, lixeiro e atractivo

Se queres un prato perfecto para despedir o verán e precisas facelo en dous minutos, aquí tes un xeito diferente de acompañar o salmón a proposta do noso amigo [Jorge Alonso](#). Se tedes algunha idea para "reciclar" as sobras das comidas, contádenolo en [Facebook](#) ou [Twitter](#).



### Lombo de salmón con xeado de limón e ensalada



Nivel de dificultade:

1

Fácil

2

Medio

3

Avanzado



Cantidades e ingredientes:

- 1 Lombo de salmón afumado
- Xeado de limón
- 1 limón
- Aceite de oliva
- Sal
- Tosta de pan
- 1 Langostino
- Leituga
- Queixo
- Tomate cereixa
- Espárragos



Elaboración:

1. Empratar directamente o lombo de salmón.
2. Poñer unha bóla de xeado de limón e unha tosta de pan xunto ao salmón.
3. Botar sobre o lombo un chorriño de aceite de oliva.
4. Engadir xugo de limón.
5. Cocer un langostino por persoa.
6. Poñer o langostino sobre un anaco de queixo semicurado.



Presentación:

1. Ao carón dun bo lombo de salmón, dispoñer unha bóla de xeado baixo a tosta de pan e engadir un langostino sobre o trianguliño de queixo. Como acompañamento, dar cor ao prato cun pouco de ensalada a base de leituga, un clásico tomate cereixa aberto á metade e espárragos.



Onde vai que?



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro

**Pero moito mellor que non sobre nada...Hai que loitar contra o desperdicio alimentario!**